



ANEXO ORGANIZATIVO PARA O CONGRESO EXTRAORDINARIO DA UNIÓN COMARCAL DE CCOO DE AROUSA

Reunida a Comisión Xestora da Unión Comarcal de CCOO de Arousa, elixida na reunión da Comisión Executiva Nacional do 2 de maio de 2018 e conformada por:

Xesús A. Castro Baamonde, pola CEN

Francisco Cuba Couzo, afiliado da U. C. de CCOO de Arousa

Acordan aprobar o anexo organizativo que regulará o proceso de Congreso Extraordinario desta Unión Comarcal —logo da dimisión da súa Executiva o pasado 20 de marzo de 2018—. Este anexo desenvolve as normas congresuais do 11º Congreso Confederal, aprobadas o 11 de xullo de 2016, e as normas congresuais do 11º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, aprobadas polo Consello Nacional o 30 de setembro de 2016.

ANEXO ORGANIZATIVO

O Congreso Extraordinario da Unión Comarcal de CCOO de Arousa terá lugar o **día 27 de xullo de 2018** e rexeráse polas normas congresuais do 11º Congreso Confederal aprobadas o 11 de xullo de 2016 e as do 11º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia, aprobadas polo Consello Nacional o 30 de setembro de 2016, ademais de por este anexo.

O número de delegados e delegadas será de 25, tomando como base a media de cotizacións dos últimos catro anos (2014-2017). Corresponderá elixir 24 ás distintas organizacións de rama, e 1 será nato, que corresponderá á Comisión Xestora da Unión Comarcal.

As 24 persoas delegadas e delegados elixiranse proporcionalmente por todas e cada unha das organizacións de rama: Construción e Servizos, Ensino, Industria, Sanidade, Servizos e Servizos á Cidadanía, que deberán realizar as súas asembleas congresuais dentro do calendario que recolle este anexo. A Federación de Pensionistas e Xubilados estará representada na mesma porcentaxe que tivo para o 8º Congreso da Unión (8,69 %).

PARTICIPACIÓN DE DELEGADAS E DELEGADOS

A Comisión Xestora da U.C. de Arousa aproba a distribución do número de delegadas e delegados que deberán elixir as agrupacións de rama, en función dos criterios e períodos establecidos polo Sindicato Nacional para o seu 11º Congreso, e que se xunta a este anexo organizativo.

Establécese un prazo de dous días para impugnar a distribución das delegadas e delegados ante a Comisión de Interpretación de Normas (CIN) do S. N., elixida pola Comisión Executiva Nacional que, presidida pola Secretaría de Organización do S. N., resolverá as posibles reclamacións nun prazo de dous días contados a partir do seguinte á data en que se reciba a reclamación, e publicará a listaxe definitiva de delegados e delegadas que se deberán elixir. Estas resolucións poderán recorrerse ante a CIN Confederal no prazo de dous días a partir da súa notificación.



CENSOS ELECTORAIS

Os **censos provisionais** pecharanse o 31 de maio de 2018 e **poderán extraerse entre o 7 e o 13 de xuño**, unha vez os emita e certifique a UAR Confederal.

Estarán baixo a custodia e responsabilidade da correspondente Secretaría de Organización de cada ámbito, e a eles poderá acceder a afiliación para comprobar que está debidamente incluída.

As **reclamacións** ao censo faranse no período comprendido **entre o 14 e o 21 de xuño** ante a CIN do Sindicato Nacional, de acordo coas formas establecidas nas normas congresuais do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e da Confederación Sindical de CCOO.

A CIN resolverá antes do 27 de xuño e comunicará a resolución á persoa reclamante e á UAR.

Os **censos definitivos** poderanse extraer **entre o 28 de xuño e o 4 de xullo**.

CALENDARIO

- As asembleas ou conferencias de seccións sindicais ou de empresas agrupadas (nivel I) celebraranse **entre os días 9 e 17 de xullo**.

Nestas asembleas ou conferencias de nivel I elixiranse as delegadas e delegados que asistirán ao congreso extraordinario da Unión.

- As federacións deberán elaborar o calendario das súas asembleas congresuais de nivel I, axustándoo nas datas aquí establecidas e deberán remitir unha copia á Comisión Xestora da Unión Comarcal de Arousa.

As impugnacións realizaranse nos prazos establecidos nas normas congresuais do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e da Confederación Sindical de CCOO.

- Redactarase unha acta de cada proceso que, dous días despois de celebrada a asemblea congresual, se remitirá á Comisión Xestora da Unión Comarcal. Cada delegación elixirá unha persoa presidenta que actuará como portavoz cando emita a súa opinión. Naquelas delegacións en que houber posición minoritaria, repartirase o tempo proporcionalmente á súa representación.

- Elixirase, como mínimo, un 20 % de delegadas e delegados suplentes, que só substituirán os titulares logo da renuncia destes por escrito explicando as razóns da súa non asistencia. Os documentos de renuncia do delegado ou delegada titular deberán ir asinados por eles.

No caso de máis dunha listaxe para a elección de delegados e delegadas, enténdese que as delegadas e delegados suplentes o serán por cada unha delas.

CONGRESO EXTRAORDINARIO DA UNIÓN

As persoas elixidas delegadas para asistiren ao congreso serán debidamente convocadas pola Comisión Xestora.

Esta será a orde do día do congreso:

- Lectura do regulamento e orde do día do Congreso
- Elección Comisión Executiva da Unión Comarcal de CCOO de Arousa
- Elección da Secretaría xeral da Unión Comarcal de CCOO de Arousa



O desenvolvemento do Congreso será do seguinte xeito:

Ao inicio de congreso, presidirá a mesa a Comisión Xestora, que saudará a asistencia e lerá o regulamento e orde do día aprobados pola Comisión Xestora.

A mesa do Congreso estará composta por dous membros da Comisión Xestora, máis unha persoa nomeada por cada un dos dous sindicatos de maior afiliación (Industria e Servizos á Cidadanía).

A mesa elixirá entre os seus membros as persoas que desempeñen as funcións de presidenta/e e secretaria/o. A presidencia terá como función moderar o debate, establecer tempos para as distintas intervencións e someter os distintos temas a votación.

Para o funcionamento do Congreso, nomearanse as comisións que se relacionan, que terán as competencias establecidas nas normas xerais, e que a presidencia irá poñendo en funcionamento ao longo do congreso:

Comisión Técnica: para a celebración dos congresos, a comisión xestora nomeará unha comisión técnica que contará coa asistencia necesaria da comisión xestora, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso.

Comisión de Candidaturas: estará composta por un membro da Comisión Xestora e un representante por cada unha das delegacións ao congreso.

As conclusións das Comisións recolleranse na acta.

Os debates do Congreso terán lugar en sesión plenaria, agás os das comisións relacionadas, que trasladarán as súas conclusións ao plenario no modo que se determine no regulamento.

As impugnacións relacionadas co proceso congresual atenderanse segundo o disposto nas normas aprobadas polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e a Confederación Sindical de CCOO.

Do Congreso redactarase a acta correspondente no prazo de dous días, que será remitida á Secretaría de Organización do Sindicato Nacional nun prazo máximo de dous días.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira: O non disposto neste documento rexerese polo establecido nas normas aprobadas polo Consello do Sindicato Nacional e polo Consello Confederado para o 11º Congreso.

Segunda: Porase a disposición da afiliación un censo que estará depositado na Comisión Xestora da Unión Comarcal de Arousa.

Terceira: A Comisión Xestora comarcal aprobará o regulamento interno e o horario do congreso.



AROUSA

Distribución delegados e delegadas					Porcentaxe xénero	
Organización	Media cotizacións 2014-2017	%	Delegados e delegadas	TOTAL	Mulleres	Homes
Construción e Servizos	260	16,68	3,67	4,00	33,8	66,2
FSC	359	23,03	5,07	5,00	35,3	64,7
Servizos	241	15,46	3,40	3,00	56,41	43,59
Ensino	85	5,45	1,20	1,00	81,6	18,4
Industria	529	33,93	7,47	8,00	38,2	61,8
PPXX (*)	10	8,69	2,09	2,00		
Sanidade	85	5,45	1,20	1,00	68,89	31,11
Total	1.559	100	24	24	44,2	55,8
Nº delegados e delegadas para distribuír menos PPXX						22
Nº delegados e delegadas para distribuír						24
Delegado xestora						1
Total						25

(*) O S. C. de Pensionistas e Xubilados estará representado por 2 delegados e delegadas (de acordo co establecido no último parágrafo, apartado 10 d do artigo 17 dos Estatutos Confederais: «A representación da Federación de Pensionistas e Xubilados fixarase na mesma porcentaxe que tivo para o 11.º Congreso»), que foi do 8,69 %.